

**Carmen Abizanda Losada**



## **O FÍO DE LA VERMELLA**

A Manuel Serrano que desenmarañou a madeixa e extraeu o meu fio vermello. GRAZAS.

A ti, a miña irmá que suxeitas cada día moitos fíos. SEMPRE.

Ao meu amor. Por ser como es. QUÉROTE.

*A voz en off dun neno ou dunha nena que están xogando. Se cadra, intercambiaranse no momento de dicir o texto. Poderían estar ocultos na penumbra da escena.*

Gata, gata, gata maragata. Gata morgata, gata negra, patacurta, patabranca, gata remenda gata, gata rabuña, gata apaña, gata amaña o fío vermello que sae do seu corpo. Onde estás remendo de gata? Onde gata? Gata durmida, gata ausente, gata presenza nun suspiro e non. Non máis. Nada máis. Gata abortagata. Gata soña gata un día. Gata colle, encolle, suspira, recolle. Gata amarra, amase, amarará, gata suxeita a gata, gata ama a gata, gata valente, gata silente, gata libre. Gata libro aberto, gata pecha a saída, gata pechada, enclaustrada, encarcerada, gata en celo, gata celada, gata soña gato, gata recorda gato, gata saborea gato, ama gato, imaxina gato, sementa gato, abraza gato. Gata esconde gato da marea. Da onda. Escóndeo no eclipse, trala lúa, tralo sol. Gata ri gato. Gata acariña gato. Gata mira gato. Gata cortexa a gato. Gata mira gato. Cortexa a gato... Gata mira a gato... Gata cortexa a... Gato mira a gata. Gato quere acariñar gata. Querer gata. Morder gata. Amar Gata sempre. Gato mira a gata. Gato pensa gata. Cheira gata. Imaxina gata. Morde o fío vermello que suxeita a gata. Acariña o fío da gata. Quere que non morra gata. Que non morran os gatos de gata. Os gatos prendidos do fío da saia da gata. Gato quere que gata non chore. Quere suxeitar as bágoas da gata. Gata quere a gato que quere a gata que quere a gato que quere a gata que te quere a ti que suxeitas a agulla que cose a saia da gata.

Puntada a puntada fíase o cadriño da túa saia, gata. A man suxeita os fíos vermellos que manchan a túa saia de gata. Vermella gata, gata cosida en vermello, gata soña liberdade de gata, de auga de rosas, de bágoas azuis, de medo a perder, a renunciar, a anticipar, de medo a non vivir, de medo a sentir non. A non ser. A non negar. A afirmar sempre. Gata desexa gato. Amar. Tocar. Morder. Chupar. Gata quere a gato para arrincar, caer, tropezar, dubidar. Gato para cambiar, para ser igual. Para mentir. Para non mentir. Gata quere a gato para nada. Para todo. Non. Si. Non. Non. Gata quere a gato para todo. Para durmir, para soñar. Gato para todo. Para querer-amar-acariñar-vivir. Gato para respirar. Para nacer. Para soñar. Gata quere a gat... aínda que se pregunte: que é querer?

Gato quere a gata para rifar, para gritar. Gato quere a gata para mandar, para tirar do fío vermello e comprender. Gato quere comprender a gata. Quere desfacer o fío para tocar os cristais vermellos. Gato quere pisar os cristais vermellos da saia de gata. Cando ela non o ve. Cando non o escoita. Cando se aniña no seu recuncho a ver o mundo andar. Gato quere comer a cucha de gata. Morder a gata e bailar enriba dos ollos de gata, beber a gata, acazapado mirar a gata cando ela non o ve e escoitar a música de gata. Gato quere todo con gata. Gato quere suxeitar o fío vermello de gata, soste a gata. A pregunta de gata, que é gata que gata non pode contestar aínda. Gata quere comer a sombra de gato. O seu chapeu de gato con botas. A présa de gato, o zapato no que voa gato, no que escapa gato. Quere comer os ollos de gato, os rizos de gato. Gata quere querer sempre a gato. E que gato a queira máis e máis día a día. Gata quere acariñar a dúbida de gato. Soste os bigotes de gato, a boca de gato, a risa de gato. E quere que gato a queira sempre e poder escoitar sempre a voz de gato, vibrar os dentes de gato, os ollos de gato, o nariz de gato... E acariñar con présa, sen présa, máis pausado, o corpo de gato que se abre

para gata só para gata aínda que non desde sempre. Houbo outras gatas, supón, pero cre que gato esqueceunas, pechounas, acabounas... Iso di a gata. O gato diso non fala. Gata quere sentir a humidade de gato, as mans, os pés de gato. A humidade de gato baixo gata, sobre gata, en equilibrio imposible, en pirueta, en voo, sobre gata. Tremendo. Un golpe. A risa de gata sobre gato. A tenrura de gato. A caricia de gata. A nube negra de gata que gato espanta, que afasta, que gato pelexa ata que gata durme e entón pode sacar de gata todos os fíos vermellos que se axitan. Gata valente, gato quérete.

## **O cabo do fío**

**Ela-** É tarde. Non podo máis. Hoxe síntome moi vella. Por primeira vez síntome vella e teño 75 anos.

**EI-** Adeus. Non tiven a posibilidade de me despedir, só que me fun apagando como unha vela axitada por un mal vento.

**Ela-** As miñas canas?

**EI-** Teño as mans frías.

**Ela-** As miñas mans están cheas de sucos de auga.

**EI-** Se puidese volver? Diríacho unha e mil veces.

**Ela-** Se puidese tan só durmir, un segundo, toda unha eternidade, durmir sempre. Desaparecer?

**EI-** Non che dixen nada, eu xa o sabía.

**Ela-** Marchaches e deixáchesme enriba da mesa o fío vermello. Souben que era o final.

**EI-** Pechei amodo. Mentres, durmías.

**Ela-** Oín a porta. Supuxen que non querías despertarme.

**EI-** Decidín non dicir nada.

**Ela-** Xa non puiden pegar ollo.

**EI-** Xa non tiveren o valor de volver.

**Ela-** E fíxose o silencio.

**EI-** É de noite.

**Ela-** Esperei un bo anaco.

**EI-** Eu quería volver pero...

**Ela-** Sabía que quizais nunca volverías.

**EI-** Non tiveren forzas.

**Ela-** Levanteime como puiden.

**EI-** Eu loitaba contra o meu propio destino, contra un futuro inminente.

**Ela-** Entón chegou.

**EI-** Foi inútil.

**Ela-** O fío vermello.

**EI-** Por tres veces subín as escaleiras.

**Ela-** Significaba demasiado.

**EI-** Por tres veces volví baixalas chanzo a chanzo.

**Ela-** El gardouno sempre.

**EI-** Desistín.

**Ela-** Seino.

**EI-** Aínda a amaba.

**Ela-** Xamais o abandonaría.

**EI-** Amaríaa sempre.

**Ela-** El sabía o importante que era para os dous.

**EI-** Nunca poderei esquecerla, dicíame mentres baixaba pola escaleira do edificio e xa na rúa...

**Ela-** O fío vermello dicíame, ese que prende da túa saia.

**Ei-** Hoxe non te desvelarás.

**Ela-** Nunca deixarei de suxeitalo. Así como está detido. Na túa mesma saia.

**Ei-** Quero que durmas.

**Ela-** Todo empezou cando te levaron aqueles homes.

**Ei-** Ponse tan guapa cando dorme.

**Ela-** E eu non podía deixar de chorar.

**Ei-** Con postura de neniña, feita un nobelo.

**Ela-** Un deles suxeitome polo pelo.

**Ela-** Ti?

**Ei-** Abrazada a min.

**Ela-** Ti dixeches que non ías opoñer resistencia.

**Ei-** De cando en vez roufeña. Pero móvoa e para.

**Ela-** Xa, xa, xa... Nunca puiden conter as bágoas. Nin agora, agora menos. Agora que sei... menos.

**Ei-** Para sempre. Nunca necesitamos falar moito para comunicarnos.

**Ela-** Mireiche aos ollos. Non, non chorei entón.

**Ei-** Ás veces o cárcere non é o peor. O peor é o baleiro aquí dentro, a ausencia...

**Ela-** Tiña todas as miñas certezas na túa mirada e confiei.

**Ei-** A ausencia do ser que amamos.

**Ela-** Si.

**Ei-** O escuro pozo no que caemos todos. Lorca... palabras do poeta.

**Ela-** Non teño medo.

**Ei-** Eu quería, quéroa, quererereina.

**Ela-** Traeranche pronto hoxe e onte.

**EI-** Cando estaba en prisión non me chegaban as súas cartas, pero eu sabía que escribía sen descanso.

**Ela-** Que grande e que pequeno é ese pronto.

**EI-** Xogaba a adiviñar aquelas letras que moito tempo despois pode ler, Gata.

**Ela-** Para min, un século, unha eternidade.

**EI-** E non me gustaron. Ti desfacíaste.

**Ela-** Non me deixaban visitalo.

**EI-** Non me gustaron.

**Ela-** O seu marido é un preso político altamente perigoso. Un terrorista.

**EI-** Eran palabras desde a derrota.

**Ela-** Déase por satisfeita de que aínda estea vivo.

**EI-** Entón alegreime de non telas lido no cárcere.

**Ela-** Cando poderei velo?

**EI-** Morrer é máis que pechar os ollos.

**Ela-** Cando?

**EI-** Non quero que ela vexa o final.

**Ela-** Tamén admitimos a mulleres. Sabe que sempre se lle podería acusar de... de calquera cousa?

**EI-** O fío vermello.

**Ela-** Nunca?

## Puntadas de agulla

**Mozo-** Sentou ao meu lado.

**Moza-** A guerra é só morte. Morte e ambición.

**Mozo-** Ardíanlle as fazulas coma despois do sexo.

**Moza-** O meu neno, o meu neno dorme.

**Mozo-** Acababa de nacer o noso bebé.

**Moza-** Ri.

**Mozo-** Vaiamos a cuberto, é que non escoitas as bombas?

**Moza-** O meu neno, o meu neno de ollos de auga.

**Mozo-** Non quería desprenderse do noso meniño que ardía, vermello de sangue, entre as súas mans.

**Moza-** É tan pequeno!

**Mozo-** Non quería desprenderse do bebé.

**Moza-** Ten fame.

**Mozo-** O neno íase pouco a pouco.

**Moza-** Teño os peitos secos, a guerra...

**Mozo-** Quixen chorar, pero non puiden.

**Moza-** Cariño, vai pedir un pouco de leite.

**Mozo-** Morder suxeitando o fío vermello polo que se escorrichaba a vida do neno.

**Moza-** Neno, meniño, neno.

**Moza-** Neno, mórdeme a man. Esperta, meu amor.

**Mozo-** Desde todos os recunchos chegaba o son das bombas.

**Moza-** Un fío vermello. Un finísimo fío vermello é a túa fronte.

**Mozo-** Quería que fósemos a cuberto, pero ela non quería deixar danar o neno que se desfacía nos seus brazos.



**Moza-** O meu neno.

**Mozo-** Non sabía como convencela.

**Moza-** Olliños lindos.

**Mozo-** Como sacala de alí.

**Moza-** O meu amor.

**Mozo-** Non quería escoitar.

**Moza-** O meu amor.

**Mozo-** Só miraba para ese neno.

**Moza-** Sobe os brazos, así pequeniño?

**Mozo-** Ao seu meniño.

**Moza-** Queridiño.

**Mozo-** Quería salvalo.

**Moza-** Neno, pícaro meu.

**Mozo-** Naquel momento eu xa sabía que era imposible.

**Moza-** Non te durmas.

**Mozo-** Non quedaba tempo.

**Moza-** Esperta, meu rei.

**Mozo-** O seu fío vermello íase crebando entre os seus brazos.

**Moza-** Si, o meu ben.

**Mozo-** Era inútil facela razoar. Iamos morrer os tres. Tiñamos que acudir inmediatamente a algún refuxio.

**Moza-** O meu neno.

**Mozo-** Vida por vida.

**Moza-** O meu meniño.

**Mozo-** Unha vida por outra vida.

**Moza-** Pícaro meu.

**Mozo-** A miña vida dese entón por...

**Moza-** Trae auga para o meu neno.

**Mozo-** Xa nada vale.

**Moza-** Non me escoitas?

**Mozo-** É a guerra. Só queda aproveitala ou morrer.

**Moza-** Ten sede.

**Mozo-** Ela quería morrer irse co pequeno.

**Moza-** (Canta) Á naniña nana, naniña eah...

**Mozo-** Saqueina de alí como puiden. Tiña que vivir.

**Moza-** (Canta) O meu Xesús ten sono...

**Mozo-** O neno estaba morto.

**Moza-** (Canta) Bendito sexa...

## **Madeixas rotas**

**Muller 1-** Suxeita.

**Muller 2-** Este?

**Muller 1-** Si, o vermello. Agora faille un nó.

**Muller 2-** Gustáballe calcetar polas noites cando o resto durmía.

**Muller 1-** Non, así non.

**Muller 2-** Coa pouca luz do candil que iluminaba a tenda.

**Muller 1-** Esa bufanda é a peor bufanda da historia da calceta tomo terceiro.

**Muller 2-** No monte pola noite hai pouca luz.

**Muller 1-** Estás moi guapa.

**Muller 2-** Unímonos aos maquis.

**Muller 1-** Anda, suxeita isto unha vez máis.

**Muller 2-** Teciamos roupa para os combatentes.

**Muller 1-** Pregúntome se poderemos arranxalo.

**Muller 2-** Como ría. Xogamos a tirar unha batería de peidos fóra de serie?

**Muller 1-** É tan sinxelo como ti falo difícil.

**Muller 2-** Eu quería. Estaba aprendendo a suxeitar os seus fíos.

**Muller 1-** Escoita, naquela póla, un xirín.

**Muller 2-** Non tiñamos medo a morrer.

**Muller 1-** Pousouse aí ao lado na póla do carballo.

**Muller 2-** A vida renovábase cada día.

**Muller 1-** Quérote.

**Muller 1-** Gústame xogar contigo. Quérote con todo, vida miña, as túas miserias, os teus medos, as túas contradicións... Porque convertes o pequeno en grande e o grande en pequeno. Porque enfías todos os meus fíos, especialmente os vermellos. Porque me ensinaches a amar sen vergoña nin escuridade e por iso estamos aquí, as dúas, con estes guerrilleiros tolos... Tolas...Guerrilleiras.

**Muller 2-** Viviamos desde había meses no monte.

**Muller 1-** Gústame xogar contigo e morderche a planta do pé e dicirche todo o que che quero que non é moito se o comparamos co que te quero de verdade.

**Muller 2-** Aceptábanos igual que nós a eles.

**Muller 1-** Sabes porque te quero tanto? Porque es valente, a miña gata, gatiña...

**Muller 2-** Trataba de tecer con ese fío para aprender a amala dun modo novo, sempre diferente, cada día.

**Muller 1-** Pulga? Dormes xa? Quedaches durmida!

**Muller 2-** Amala na súa ferida.

**Muller 1-** É tan sinxelo como ti falo difícil.

**Muller 2-** Eu quería. Estaba aprendendo a suxeitar os seus fíos.

**Muller 1-** escoitas o xirín?

**Muller 2-** Non tiñamos medo a morrer.

**Muller 1-** Pousouse aí á beira na póla do carballo!

**Muller 2-** A vida era un xuramento que renovabamos cada día.

**Muller 1-** Quérote, gata.

**Muller 2-** Quérote, gata.

**Muller 2-** Foi só un disparo. Faciamos garda nun punto crítico. Os puntos críticos eran lugares de paso. Oín o son da bomba. Do impacto caín ao chan. Fíxose a noite que o iguala todo. Ti xa non estabas, gata, gata... O teu corpo xacía ao meu lado cheo de luz, pero baleiro de ti. Peguei moito o meu corpo ao teu. Aínda desprendía calor. O teu cheiro non era máis xa que o cheiro do sangue que empezaba a debuxar sinistras figuras ao longo do teu corpo. Oía a voz dos maquis que nos buscaban. As bombas acaladas e as miñas mans entre os teus peitos, coma sempre, para sentir a túa calor unha vez máis. Un minuto. Só un segundo. Unha eternidade.

**Muller 2-** Adeus gata valente.